



BICIOURENSE

ALTA no servizo de préstamo de bicicletas

A cumprimentar na oficina de ALTA

Nº PIN:

DATOS OBRIGATORIOS

D./Dña. (nome e apelidos)

D.N.I.

Data de
Nacemento:

Domicilio completo:

Poboación:

Provincia:

País:

Teléfono:

Dirección de Correo
Electrónico:

SOLICITA ser inscrito como usuario do SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DE OURENSE, "BICIOURENSE" ofrecido polo Concello de Ourense en colaboración có Instituto Enerxético de Galicia –INEGA e có IDAE, e acepta as normas de uso e todos os dereitos e obrigacións do SISTEMA DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS anexadas a continuación, o seu incumprimento poderá supoñer a suspensión inmediata no uso deste servizo, amén doutras obrigacións específicas que se impoñan ó usuario pola conducción da bicicleta (Regulamento Xeral de Circulación).

O abaixo firmante declara que todos os datos da inscrición son certos.

E para que así conste, firma o presente documento e as normas de uso.

Ourense, ade de 20

SINATURA do solicitante

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, serán incluídos nun ficheiro titularidade do Concello de Ourense, coa finalidade de tramitar e xestionar a súa alta no Servizo de Préstamo de Bicicletas do Concello. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades con competencias na materia de conformidade coa legislación vixente de Protección de datos. O Concello de Ourense dispón das medidas técnico-organizativas que garanten o cumprimento da normativa vixente en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei, mediante un escrito dirixido ao responsable do ficheiro: (Ref. Protección de Datos) – Concello de Ourense, Praza Maior, 1 32005 OURENSE (Ourense).



NORMAS DE USO DO SISTEMA DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS 2013

1. O servizo de préstamo de bicicletas utilizarase para o desplazamento urbán e o paseo fomentando o uso deste vehículo.
2. Para poder utilizar o servizo de préstamo de bicicletas é necesario abonar a taxa de expedición e renovación anual da tarxeta regulada pola Ordenanza fiscal correspondente. O pago desta taxa dará dereito a utilizar o servizo de préstamo de bicicletas durante un ano natural (de 1 de xaneiro a 31 de decembro)
3. O servizo de préstamo de bicicletas ofrecerase nos seguintes puntos:
 - Praza do Bispo Cesáreo, Praza da Mariña, Avenida de Zamora – Mariñamansa., Avenida Otero Pedrayo – Zona universidade., Pabillón dos Remedios, Aula da natureza de Oira, Chavasqueira, Parque de San Lázaro, Praza do Couto, Complexo hospitalario.
4. O servizo de préstamo de bicicletas ofrecerase nos seguintes horarios:
 - Verán (abril, maio, xuño, xullo, agosto e setembro) de 8:00 a 22:00.
 - Inverno (outubro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro e marzo) de 8:00 a 20:00.
 - As modificacións deste horario comunicaránse adecuadamente.
 - A bicicleta prestarase durante períodos máximos de 5 horas. Transcurridos 10 minutos dende a finalización dun préstamo poderá solicitarse un de novo.
 - Dez minutos antes da finalización do servizo, non se poderán retirar bicicletas dos puntos de préstamo, pero si devolvelas.
 - O uso da bicicleta limitarase a este horario e espazos determinados en cada momento polo Concello de Ourense.
 - O uso das bicicletas dependerá da dispoñibilidade das mesmas nos puntos de préstamo.
5. O usuario do servizo de préstamo identificarase mediante D.N.I., carné de conducir ou pasaporte en vigor para a expedición da tarxeta nas dependencias da Concellería de Medio Ambiente ou nos lugares habilitados a tal fin.
6. Os usuarios menores de 18 anos, con idade suficiente para utilizar adecuadamente e sen perigo as bicicletas (a partir de 14 anos), deberán ir acompañados polo seu pai, nai ou titor adulto, que se fará responsable do uso que se realice da bicicleta.
7. Os usuarios antes de proceder á retirada dá bicicleta deberá aceptar que a bicicleta que vai a retirar está en óptimas condicións de uso.
8. O Concello de Ourense está eximido dos danos que o usuario poida sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabilizará dos danos ou perxuízos producidos polo mal uso da mesma, nin dos causados a terceiros polo usuario desta.
9. A tarxeta de usuario do servizo de préstamo de bicicletas é propiedade do Concello de Ourense e en caso de perda, roubo ou deterioro da mesma, o usuario deberá notificalo inmediatamente, co fin de proceder a anulación da mesma e como requisito previo á emisión dunha nova tarxeta. O usuario terá que realizar de novo o proceso de alta de usuario e pagar o prezo marcado pola emisión da nova tarxeta nos lugares habilitados.
10. Para a entrega da tarxeta de préstamo de bicicletas o usuario presentará o recibo de pago da taxa correspondente á expedición e renovación da tarxeta. Só se entregará unha tarxeta e pin por persoa.
10. O usuario durante a utilización do servizo deberá mostrar a tarxeta de acceso ó servizo, como documento acreditativo, cando se solicite polas persoas autorizadas. A tarxeta de acceso ó servizo será persoal e intransferible.
11. O usuario deberá facer uso do servizo cá maior dilixencia posible e conforme ás normas de utilización prevista polo sistema de préstamo de bicicletas. En xeral, o usuario deberá facer un uso correcto da bicicleta, devolvendo a mesma no mesmo estado en que se encontrou, en bo estado de funcionamento e limpa.
12. O usuario comprométese durante o tempo que dure o préstamo a aparcar a bicicleta en zonas adecuadas ou seguras que non interferan o paso ni potencien situacións de inseguridade e sempre atendendo ás normas de aparcamento. O usuario e o responsable da bicicleta ata que a devolva correctamente nas bases específicas do sistema.
13. O usuario deberá retirar e devolver a bicicleta dentro dos horarios e prazos autorizados. O incumprimento desta obriga dará dereito o Concello de Ourense a desactivar a tarxeta de usuario.
14. O usuario asume a custodia da bicicleta que retira, ademais de actuar dilixentemente para evitar o roubo da bicicleta durante o seu uso e asegurarse de candar adecuadamente a bicicleta ó candado dos puntos de préstamos dentro dos horarios sinalados.
15. O usuario deberá ser responsable en todo momento das obrigas que se determinen por calquier autoridade ou organismo, sexa estatal, autonómico ou local, para a conducción da bicicleta, incluíndo a necesidade que poda derivarse de ter que usar calquera clase de complementos para a conducción como casco, reflectantes, etc. Prohibese calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.
16. A bicicleta non poderá utilizarse con fins de lucro, estando expresamente prohibido ó usuario prestar, vender ou ceder a terceiros a bicicleta e/ou a tarxeta do servizo de préstamo. Ademais, está prohibida a súa utilización con fins comerciais, de transporte de mercancías ou calquera outro uso profesional.
17. Prohibese a utilización das bicicletas en terreos ou en condicións inapropiadas para as bicicletas, como as escaleiras, ladeiras e badéns, rampas para patinase ou as condicionadas para outros vehículos.
18. A bicicleta non poderá prestarse a terceiras persoas e se prohíbe o transporte de pasaxeiros distintos ó usuario da bicicleta. O usuario non poderá integrar pola súa propia iniciativa ningún elemento na bicicleta.
19. Prohibese o desmontaxe e/ou manipulación parcial ou total da bicicleta.
20. O usuario é o único responsable dos danos causados a sí mesmo, a terceiras persoas ou a calquera ben, moble ou inmobile, pola utilización, uso normal ou anormal da bicicleta.
21. Antes da retirada da bicicleta dos puntos de préstamo, O usuario comprobará e ratificará que a bicicleta a utilizar está en condicións normais de uso e mantemento.
22. A bicicleta estará baixo responsabilidade do usuario durante o período de tempo transcurrido entre a retirada da mesma e a súa devolución a un dos candados dos puntos de préstamo do sistema e asumirá as consecuencias derivadas das sancións temporais de non devolucións e económicas por abandono, roubo, deterioro e/ou non devolución.
23. A bicicleta deixarase en calquera dos candados vacíos dos puntos de préstamo, debidamente colocada e enganchada de forma que se garante a seguridade antirroubo do vehículo.
24. En caso de roubo ou furto, o usuario ten a obriga de comunicar nun prazo máximo de 24 horas a desaparición da bicicleta. A bicicleta estará baixo a responsabilidade do usuario, hasta que non presente na oficina da Concellería de Medio Ambiente ou na Policía Local, unha copia da denuncia efectuada nas dependencias policiais.
25. En caso de accidente ou incidente que afecte ás condicións mecánicas das bicicletas, o usuario ten a obriga de comunicalo inmediatamente ó teléfono de contacto habilitado ou fora do horario de atención no teléfono da Policía Local. Sen embargo, a bicicleta quedará baixo responsabilidade do usuario ata que proceda a súa restitución nun dos candados dos puntos de préstamo ou ata que a deixe a disposición do persoal designado polo servizo de Medio Ambiente.
26. Os danos producidos na bicicleta por un uso incorrecto da mesma serán achacables ó usuario do servizo que, según os casos poderá perder o seu dereito a disfrutar do mesmo, sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos á reparación do vehículo.
27. En caso de retraso na entrega da bicicleta, a tarxeta de acceso ó servizo de préstamo será desactivada según o tempo de demora seguinte:
 - Se o retraso na entrega da bicicleta é inferior a unha hora, a inhabilitación será de 1 día.
 - Se o retraso na entrega da bicicleta é entre 1 e 8 horas, a inhabilitación será de 2 días naturais.
 - Se o retraso na entrega é posterior á hora de recollida das bicicletas dos puntos de préstamo, a inhabilitación será de 3 días naturais.
 - Se o retraso na entrega da bicicleta é entre 8 e 24 horas, a inhabilitación será de 7 días naturais.
 - Se o retraso na entrega da bicicleta é superior a 24 horas, a inhabilitación será de 30 días naturais.
 - No caso de reincidencia se poderá inhabilitar con carácter definitivo.
28. O abandono inxustificado da bicicleta conllevará a baixa no servizo durante todo o período de préstamo do ano en curso, ademais dunha sanción económica de 300 € pola bicicleta.
29. No caso de producirse o furto ou roubo da bicicleta, o usuario deberá presentar copia da denuncia presentada á policía. En caso de non presentar a denuncia terá baixa definitiva no sistema de préstamo de bicicletas, ademais o usuario abonará 300 € pola bicicleta.
30. No caso de producirse desperfectos ou danos tanto funcionais como estéticos causados polo usuario, este poderá ser sancionado ata un importe máximo de 300 €.
31. Poderase retirar ou inhabilitar a tarxeta de acceso ó servizo de préstamo dá bicicleta sen notificación previa o usuario nos casos seguintes:
 - No caso de ausencia de comunicación da declaración de roubo ou furto ou da declaración de accidente.
 - No caso de que as declaracións feitas polo usuario resulten ser falsas ou incorrectas.
 - No caso de incumprimento reiterado dos horarios e prazos de utilización do servizo.
32. No caso de incumprimento de calquera das cláusulas do presente documento, exercitaranse as correspondentes accións legais que asistan.
33. Poderase cursarse baixa voluntaria do sistema de préstamo de bicicletas, unicamente necesitará presentar o DNI e o formulario de baixa do servizo de préstamo de bicicletas, nos puntos establecidos para darse de alta. Tamén poderá darse de baixa no servizo, de forma automática, sen comunicarllo o usuario, cando se den as seguintes condicións:
 - Roubo da bicicleta sen presentar denuncia ante a policía.
 - Pasado un ano dende a última utilización do servizo.
34. O usuario, tanto residente, visitante ou turista, terá habilitada a tarxeta durante un ano dende a última utilización do servizo, despois deste período, poderá deshabilitarse automaticamente dende o sistema informático. Para activala de novo, o usuario deberá ir a algunha das oficinas habilitadas de "Alta de usuarios".